

Pola nosa Parroquia, como por todas as terras de Galicia, andan, en boca dos veciños, moitísimas historias, lendas e pequenos contos, ben de recentemente acontecemento ou xa de tempo mas antigo, que son comentados, transmitidos de xeración en xeración, de avós a netos, de pais a fillos, dos maiores aos máis pequenos.

A lenda é un dos xéneros literarios máis universais; son eses relatos de feitos reais, adornados ou desfigurados pola fantasía, e, ás veces, tamén desvirtuados pola tradición oral que vai modificando detalles ao pasaren de boca en boca a través dos tempos.

A nosa parroquia, as nosas terras de Coiro, ao longo de toda a súa grande historia e aínda nos tempos actuais, teñen gozado sempre de sona de conservar unha das tradicións máxicas máis puras e auténticas de toda a cultura galega, tradición que se sigue a manter en grande medida nos nosos veciños e que se manifesta e plasma no abondoso número de lendas e narracións así como na gran cantidade de crenzas, supersticións, remedios naturais e máxicos que conviven con todos nós; historia máxica que ten inmortalizado nomes propios, con letra maiúscula, desde o século XVII co seu meirande símbolo, María Soliño, mártir daquel inxusto proceso inquisitorial, ata os tempos contemporáneos máis recentes. Evocar, sementar os nomes de famosos curandeiros: Juan do Sono, de Pedralán; a Sra. Peregrina do Potro. Xentes con facultades extraordinarias: Maximino Bijuelo, nas Gruncheiras; Manuela Barajera, no Forte; Catalán, na Casa do Río; o Sr. Perfeito, en Rodeira; e tantos e tantos outros que foron contribuindo, día a día, cos seus remedios a curar a xentes e gando, e, ao mesmo tempo, orixinando relatos e fomentando a imaxinación das xentes; historias que tamén crearon heroes durante certo tempo como aquel recordado Ricardo Fame, que no ano 1945 en medio dunha grande expectativa popular atreveuse, el só, a subir ao piso da casa da Mangallona (Casa das Meigas) -lenda que ofrece diferentes temas- e tirar abaixo as contras das famosas fiestras luminarias. Aquelas longas procesións de xentes, vidas de Cangas, Bueu, e demais localidades, foron testemuñas físicos, testemuñas daquela fazaña. A referida lenda tambaleouse por uns momentos, mais heroes e historia coexistiron posteriormente.

Aquí, agora, nestas páxinas, imos traerá memoria unhas cantas lendas, historias populares que nos resultarán coñecidas, incluso en diferentes versións, aquí están:

A CASA DAS MEIGAS

Nesta casa tan sonada en toda a parroquia onde vivían dúas irmáns solteiras seica con poderes ocultos, un día unha delas, que a tiñan por bruxa, matou á outra irmán, enterrándoa na bodega.

Polas noites, seica se erguía e paseaba polos arredores, volvendo pola mañá á bodega chea de ratas que a acompañaban.

Tamén se comenta outra versión de que a enterrou debaixo dun laranxeiro. Quen comía (aínda hoxe) as laranxas, era vítima dunha enfermidade.

Sempre esta casa estivo enmeigada desde aquela.

Seica polas noites se reflectía nas fiestras da casa unhas luces misteriosas. Tense chegado a se poñer de acordo e apagar todas as luces da parroquia a falábase que eran as luces da Madalena as que reflectiron aquel día. Inda así á dúbida segue a ser un misterio.

No Carballal segue esa casa que hai anos era unha escola. Moitos anos atrás pertencía a Leonor Mangallona. Un día un home, posiblemente familiar seu, foi a súa casa. O home cabreouse, non se sabe o por que, e matouna cun coitelo moi longo. Enterrouna debaixo dun laranxeiro envolta nun saco.

Din que desde entón, pola noite, mírase unha luceciña pasar dunha xanela a outra...

A lenda comeza cando unha das Mangallonas ten unha filla de solteira. A filla naceulle subnormal, ela tiña vergoña de ter unha filla subnormal. Entón a Mangallona matou á filla e enterrouna debaixo dun laranxeiro.

Máis tarde as fillas matan á nai como castigo de que matara a súa irmá. Posteriormente morre o pai que é enterrado na bodega.

Os veciños faloron de rumores de que morrera a filla, e que a nai e o pai mataron todas as fillas. A xente empezou a coller medo e a partir das nove da noite no verán, e as sete no inverno non pasaba ninguén polos camiños que estaban preto da casa. Quedou soamente unha filla que morreu na casa dos seus país. Os gardas atrevéronse a ir a casa e atopáronse co corpo xa descomposto da súa irmá.

Pasaron moitos anos e a xente non se atrevía a pasar polo arredor daquela casa. Ata os anos cincuenta ninguén entrou naquela casa. Formouse un comité que decidiron arranxar a casa e facer alí unha escola, pero non durou moito.

Actualmente o seu dono é Lemos. Deshabitada, en ruínas.

Moitos historiadores ou especialistas en espiritismo foron mirar a casa polo que tiñan oído e din que a casa está nun sitio moi bo para realizar o espiritismo, por estar nunha encrucillada de catro camiños, nunha baixada dun souto.

O DÍA DAS BRUXAS

Era un home que sempre chegaba tarde á súa casa. Entón el non sabía que ese día era o das Bruxas. Chegou a casa tarde como sempre. Antes de atravesar a porta alguén chamouno polo seu nome: - ¡Manuel!, ¡Manuel!

E o home responden, pensando que era a súa muller, intentando entrar, pero as bruxas fecháronlle a porta para que el as escoitara.

O home asustouse e empezou a tremer de medo. E as bruxas dixéronlle:

-Mira, Manuel, non chegues nunca máis tarde a casa, porque se non algo malo vaiche ocorrer.

Cando as bruxas lle dixeron iso, o home estaba borracho. Entón el ao seguinte día esquecérao. Marchou e chegou tarde a casa. Cando espertou pola mañá cedo para botarlle de comer aos animais, non oíu muxir as vacas, foi a corte e mirou a súa vaca morta.

NO MONTE DA PENA

Pola noite de San Xoán no Monte da Pena, mesmo debaixo da Pedra, saen as bruxas danzando. Vanse colocando arredor da peneda.

Unha bruxa que leva o pelo de ouro e que vai acompañada dun cervo branco no ombreiro, manda sentarse ao seu carón.

Máis tarde a bruxa-xefe manda percorrer doce veces arredor da igrexa e posteriormente doce veces polo cemiterio, parándose nas sepulturas onde teñen algún familiar. Debaixo da laxe que aínda existe, contan os vellos que había un burato moi longo. Parece que é dunha mina e que chega ata a Serra de Coiro a dous quilómetros mais ou menos. Hoxe, a entrada está pechada.

Din que nas Noiteboas un engado dunhas luces que saían de alí e que calquera que se achegaba, fuxía para dentro. Un día, unha muller foi ao lago Espiñeiro que se atopaba na ladeira sur do Monte da Pena para regar unha veiga que estaba encantada porque se lle aparecía unha man que a chamaba para que fora alí.

Para desfacer este encanto tiñan que ir na noite de San Xoán tres curas e dar sete voltas a laxe do Monte pero na terceira volta escorrentaron e fuxiron correndo, sen saberse o que miraron.

AS BARAXEIRAS

Era unha muller, xa defunta hoxe en día, que vivía no Forte e chamábase Manuela. Ela botaba as cartas, e dicíache se tiñas algún fillo malo como o podías curar, se che ía pasar algunha desgracia ou algo así polo estilo.

A miña nai contoume xa hai tempo que a miña curmá non paraba de chorar e parecía un micho cando choraba. A miña tía foi xunto a Manuela, que daquela eran moi amigas, e díxolle o problema que tiña. Manuela respondeulle:

— Tes que coller un gato vivo e metelo dentro dun saco e enterralo vivo. Despois de catro días, sácalo de debaixo da terra e polo enriba do tellado da casa durante sete días seguidos.

Seguindo a tratamento, a miña curmá foi curando a medida que o gato ía secando no tellado ata que non quedaba nada del.

OS ANANOS

Hai moitos anos no monte da Serra, preto do monte da Madalena existían uns homes e mulleres que lle chamaban "Ananos". Esta xente facía as súas propias casas pequenas. Aquelas casas eran moi pequeniñas, só collían dúas ou tres persoas, so as utilizaban para durmir. Fixeron dun penedo unha lareira e alí facían a súa comida, sentábanse arredor dela non só para xantar senón tamén para quentarse alí ao sol.

O ORCO

Un home mozo daquelas, hoxe xa avó, vivía nunha casa da Pedreira que non era moi grande.

Unha vez, estando asomado na fiestra tomando un pouco o aire, viu pasar uns cans moi caladiños, sen ladrar. Entón este chamou a súa muller para que vira o que el estaba vindo. En efecto, cando a muller foi mirar os cans, quedou tan sorprendida polo que vira, como o seu home. Din que os cans eran arrastrados por unha alma doutro mundo que ía en forma de carneiro. Os cans aparecían á mañá seguinte na casa de cada un. Tamén din que o orco non lle facía nada á xente, pero tampouco se sabía onde levaba aos cans e que facía ou que quería deles.

OS CANS

O finado de meu avó de Novás, unha tarde soleada foi traballar á Caniza. Cando volvía sobre as oito do serán, atopa unha cesta e no seu interior había tres pequenos cachorros de can. Colleunos e tróuxonos para a casa.

A mañá seguinte foi a bodega onde os deixara e comprobou que na cesta non había nada e o máis raro era que el puxera a cesta boca abaixo e unha pedra grande enriba. Ao saír da bodega mirou porque lle chamara a atención unha bandada de corvos (síntoma de morte). Uns días despois, meu avó collía unha enfermidade da que tardou dous meses en curar. Nesta enfermidade miraba almas arredor del e ás veces lle tiraban polo brazo e chamábano.

OS CHURRICHOS

Polos anos trinta ou antes no pazo de Verín habitaban unhas xentes chamadas "Os Churrichos". Eran xentes que tiñan unha peculiar característica. Estas persoas non eran nada normais senón que tiñan un peculiar rabo na parte de atrás do corpo.

OS DOUS AMIGOS

Un rapaz da parroquia ía todos os días coas ovellas ao Pouso das Cruces, un pouco mais arriba do Monte da Pena. Alí cantaba e asubiaba. Unha vez achegóuselle unha serpe. E así sempre cada vez que asubiaba. O mozo foi ás milicias e estivo nelas durante catro anos.

Cando volveu acompañado dun amigo, foi de novo ata o sitio, cara o monte e foille contando a historia.

Chegados alí, asubiou e foi grande a sorpresa cando mirou que volvía a serpe. O amigo que o acompañaba apartouse un pouco; a serpe, moi emocionada polo asubío recoñecido, enroscouse no corpo do seu amigo nunha agarimosa aperta de tal xeito que lle ocasionou a morte por asfixia. O acompañante non puído mais que mirar os dous corpos abrazados e estruxados daqueles dous corpos.

A VELLA ESCOLA

Contan que na parte mais alta de Coiro, no Igrexario, había unha antiga escola. Por debaixo desta un túnel que ninguén sabía agás dous homes. Estes, un día, quixeron saber que había no túnel e a súa sorpresa foi cando escoitaron no piso de enriba dúas bruxas con varias rapazas. Ao fuxir, fixeron ruído e as bruxas foron tras deles. A un convertérono en carneiro negro, e todo o que tocaba volvíase escuro e o outro chegou a escapar pero perdeu os cinco sentidos. Ninguén soubo máis que ocorría na vella escola.

A DESGRACIA DUN NENO

Hai bastante tempo nun lugar de Coiro vivía unha familia. Eran tres irmáns. Un día decidiron ir a xogar, afastáronse da súa casa, e, como estaban xa certamente cansos, foron beber un pouco de auga nunha mina que estaba nun monte.

O maior dos irmáns tomou un pouco de auga e sen darse conta tragou un bichiño pequeno.

Pasaron unhas semanas e o maior atopábase mal, e notaba que a súa barriga inchábase pouco a pouco. A súa nai levouno ao médico, pero dicíalle que o neno non tiña nada, ata que decidiu por fin ir a unha meiga.

A meiga díxolle que tiña unha serpe dentro do seu corpo e que paseniño lle iría comendo todo o seu organismo, mandáronlle que puxese dous litros de leite nunha palangana, que o rapaz estivese de boca para abaixo coa boca aberta, e sempre en lúa chea.

E así foi cando chegou o día puxeron ao rapaz como lle mandara a meiga coa boca aberta, e aos poucos minutos a serpe sáíalle da boca, que ía directamente ao leite que estaba na palangana. O rapaz non puido resistilo e aos poucos minutos morreu.

A CALIVEIRA

Hai poucos anos, un home de A Pedreira, Gilitiño o bobo, ía a pasar polo cemiterio. Mirou unha caliveira no chan e deulle unha patada.

Ao chegar a casa atopou a caliveira na entrada.

NUNCA SE SOUBO QUEN ERA

Era polo ano 1952 cando o meu avó saía da taberna que tiña no Espírito Santo. Eran as doce da noite e ía cara a súa casa cando, ao chegar ao Areeiro, chamado antes o campo dos Aparellos, presentóuselle unha muller descalza cun pano na cabeza. El ía polas casas Baratas, cruzou a estrada e meteuse polo Forte. A muller foi pola estrada xeral. E ao chegar meu avó ao Cristo do Señal ela xa estaba. E así seguiron. Por moito que correse nunca podía ir diante dela. Meu avó por máis que quixo non lle puido mirar a cara.

Foise para a casa. Ao chegar díxolle a súa nai, (a miña bisavoa) o que lle acontecerá. Explicoulle o sucedido e describiulle a muller estraña. Ela respectuoso que podía ser a aboa do meu avó, a pesar de que xa houbera moito que morrera.

Verdadeiramente nunca se soubo quen era.

O LAGARTO

No século pasado no lugar de Xielas tiña moita sona unha bruxa que se chamaba María Pitisa.

Unha tarde un home, á volta da labranza, recibiu visita dunhas parentas descoñecidas que tiñan algo de bruxas, entre elas a devandita señora, inda que el desto non sabía nada.

Estiveron na súa casa uns días e logo fóronse. Pasados algúns días despois, o home atopouse algo mal e saíulle un vulto, un quiste na cabeza que se movía e lle picaba. Foi ao médico, extirpáronllo e saíulle un lagartiño que lle estaba comendo na cabeza.

Ao parecer estas parentas estaban interesadas nos bens que el tiña polo que lle fixeron un feitizo no pucho para que o lagartiño lle fose comendo todo o que tiña na cabeza ata matalo.

A CADA UN O QUE E DE SEU

Despois da Guerra de Cuba na que caera ferido, mais tarde desaparecido, e morto durante catro anos, volveu a súa casa de Agualevada coa enfermidade do paludismo. Naqueles tempos non había tratamento para este achaque.

Unha bruxa de Coiro recomendoulle que fose ao cemiterio ás doce da noite, procurar un oso humano para rallalo e logo botar as partes do devandito oso en auga fervida e tomar aquela apócema.

Contan que despois de dez ou doce días chamaban varias veces á porta da súa casa.

A mesma bruxa aconselloulle que dese unhas misas pola alma de quen pertencía o oso.

Desde entón non lle chamaron máis á porta e non se soubo quen era.

Dise que quen chamaba era o defunto a quen lle pertencía o oso.

O NENO QUE FALOU

Conta a señora Concha da Retirosa que hai moitos anos no cruce do Señal, reuníanse moitas bruxas. Facían fogueiras, bebían beberaxes estraños e rezaban.

Unha vez pasou unha muller por alí cun neno en brazos e unha das bruxas preguntoulle:

— A onde vai señora?. E esta respostoulle:

— Veño pedir por este neno que non fala.

Entón as bruxas fixéronlle unhas cruces e o neno empezou a falar.

O MONTE LIBOREIRO

O verdadeiro nome de Liboreiro é Libori. Nel habitaban os mouros, aos que botou fóra o apóstolo Santiago que levaba con el un tenente que tiña loitado en Liboreiro.

Os dous levaban un loro, e produciuse unha milagre. O loro dixo: "Ven, ven.... que por aí vas ben". E o loro do tenente contestoulle: "Vai, vai..., que por aquí non fun".

Entón os mouros fuxiron perseguidos por Santiago ata o Cabo de Udra, e como símbolo da batalla, quedaron gravadas nunha pedra, as pezuñas dos cabalos. Os mouros eran tres e deixaron un manuscrito e nunhas pedras escritos os seus nomes. Disque no monte Liboreiro hai tres covas ocultas, unha de ouro, outra de prata e outra de lava. Se se abre esta última, estoupa un volcán que hai no monte.

A SANTA COMPAÑA

A primeiros do século unha noite de verán, polas doce da noite, a Sra. Francisca, veciña de Freixo, viña de Bueu dunha festa e ao pasar por onde está hoxe a Axudantía de Mariña apareceulle a Santa Compañía.

Moitas capas brancas en procesión, acompañadas dun can de grandes dimensións que lle chamaban Orco, formaban a comitiva. Levaban grandes fachas e facían moito ruído, como se levasen cadeas arrastro.

Desapareceron e pouco mais tarde chegando ao Forte volveuna a mirar.

Polos anos cincuenta, vindo de Moaña, ata o Igrexario, un veciño da Miranda camiñaba tan tranquilo cara a súa casa. O pucho quedoulle atrás pois sentiu o frío da noite na cabeza. Dáse a volta en procura da gorra, arriba, abaixo, aos lados, e nada. Desanimado inda insistiu outra vez mirando o chan e de súpeto notou agora a gorra na cabeza.

Abraiado, todo sorprendido, volveu para a casa. Comentouno e todos estaban de acordo en que de seguro fora a Santa Compañía.

A SERPE

Conta a xente do lugar de Agualevada que non monte no medio de ruínas existía unha cova que habitaba unha serpe e que toda persoa que pasaba por alí xa non volvía mais.

Un día unha muller pasou por alí para ir a casa da súa irmá, e de súpeto, apareceulle a serpe. Como levaba bolas de fío empezoullas a tirar. A serpe comía unha a unha todas elas ata que so lle quedou unha. Tiroulla e o réptil quixo tragala e morreu atragada.

O SALGUEIRÓN

Contan os vellos que no monte do Salgueirón nacía unha auga milagreira debaixo dunha enorme laxe. Curaba todo tipo de enfermidades a aquel que a bebía.

Unha vez unha muller foi lavar alí os cueiros dun neno. Dende ese día, a auga do Monte do Salgueirón deixou de ter calidades curativas.

A PEDRA DO MUIÑO

No Monte da Pena que estaba encantado. Din que, unha vez, unha fermosa muller estaba comendo na pedra. Un home que por alí pasaba, púxose a falar con ela. Un día, a fermosa muller, díxolle ao home, que ela estaba encantada por unhas bruxas, e que non podía saír daquel encantamento ao menos que algunha persoa que o axudase a desfacer aquel encanto. O home pensouno ben, e logo dixo que el intentaría desfacer o encanto daquela fermosa muller.

A muller díxolle que iría rodando polo Monte da Pena para abaixo en forma dunha pedra de muiño, e que o home tería que parala para desfacer o encantamento. O home pensouno de novo e díxolle que non lle importaba nada o que tiña que facer. A fermosa muller citouno para o día seguinte para que desfizera o encanto. Chegou ao día seguinte e cando o home estaba no monte da Pena, viu a pedra de muiño que viña rodando. O home non se atreveu a parala, votouse a un lado. A roda do muiño, que non era tal, senón unha muller, seguiu rodando polo monte, e cando a muller facía dano ao rodar, din que da pedra saían como berros. Logo a pedra tropezou contra outra pedra, e desaparecen.

Ninguén soubo máis daquela muller, e tampouco soubo ninguén quen era.

O TRASNO

Non hai moito tempo, un home volvía da festa de Ermelo onde o invitaran. Eran as catro ou cinco da mañá e camiño da Ameixoadá, para chegar antes, viña polas veigas. Polo medio do monte mirou unha luz. De súpeto topou unha ovella nun comareiro. A ovella estaba pastando, colleuna, púxo a lombo e tróuxoa para casa. Cando chegou xa non tiña a ovella, desaparecerá.

Din que de aquela era o trasno.

Trasno: Din qué era o demo, que se poñía diante de ti en varias crases de figuras, e despois facendo o ruído convertíase en vento.

Unha vez había de Rodeira unha traíñeira con homes vogando. Pronto os homes cansos de vogar decidiron parar un momento. De súpeto viron pola praia un carneiro correr dun lado para outro. Os homes, todos sorprendidos, decidiron achegarse un pouco máis a terra. Entón só dous deles baixaron para coller o carneiro. Tiñan unha corda e un deles quíxolla meter, e despois de tantos intentos logrouno.

Dixeron todos os que viron, que o home que lle meteu a corda polo pescozo ao carneiro desapareceu ao momento.

Cheos de preocupación todos, empezaron a buscalo por todas as partes. Din que o atoparon no monte Liboreiro o trasno era o demo, que só quería facer mal á xente.

AS MISAS DE DEFUNTO

Mais arriba de Xielas, na Laxe, hai unha casa que agora está en ruínas onde vivía un matrimonio que se chamaban Xermán e Isabel.

Parece ser oían moitos ruídos e incluso cando o seu fillo recién, durmindo no berce, acunábase só. Tamén se comentaba que despois de colgada a louza, caía ao chan sen se saber a causa.

Resulta que estes ruídos e cousas estrañas se calmaban durante uns días se os amos da casa facían unha misa polos que viviran e despois morreran nesa mesma casa.

A LENDA DA SEITURA

Todos os anos, no tempo da seitura, cando os labregos aínda seituraban, sempre lle chovía. Eles, abrigábanse nun alboio, e un vello líalles uns contos dun libro. E os contos eran sempre os mesmos. Un ano, namentres o vello abría o libro, xurdiu un home alto e louro, cos ollos gacios, e díxolle aos labregos, que si lían o libro ao revés, el subiría ao ceo e xa non chovería máis cando chegara o tempo da colleita. O velliño que lía fixo o que lle dixo, e o home louro foi cara o ceo e dende entón non chove na colleita.

MATAS (Frases ou ditos das bruxas)

Que el Demonio Barrabás
se hunda en el mar.

Que vuelva a brillar
un día nuevo y soleado
y que las noches de las tinieblas

se hundan en el fango.

Cruz plan, cruz vella
apártate nemigo
que o Anxel da Garda
ven sempre conmigo.

REMEDIOS DAS BRUXAS

Contra os herpes: Acedónial.

Para a caspa: Ovos.

Contra os piollos da lingua das vacas, (cando non queren comer herba):

Combinado de xofre e limón, e vaise refregando a lingua.

Para o salouco: Vaso de auga sen respirar. Dúas culleres de sucre.

Contra as espullas: Sevedónia. Xugo marelo, zume que sae do talo da súa planta.

Contra as formigas: Limón.

Contra o picor dos ollos, (producido ao cortar cebola): Meter pan na boca.

Para o sopro do corazón, (meiga do Espírito Santo): Dez Pais Nossos e dez Avemarías.

ESCONXUROS

Ao botar as cruces

Olo de allo,

Cara de mel,

Non te chupes os dedos

que pronto has morrer.